

Concurso de microrrelatos ilustrados “Pola igualdade e diversidade”

BASES DO CONCURSO

Convócase a II Edición do Concurso de Microrrelatos no IES Politécnico.

Poderá participar calquera persoa que pertenza á comunidade educativa. Igualmente, nais e pais e calquera persoa que, dalgún xeito, tivese relación co Politécnico de Vigo (ex-profesoras/es, ex-alumnas/os, persoal que teña prestados servizos, etc.).

A temática será a igualdade entre homes e mulleres en calquera das súas vertentes así como a diversidade desde un punto de vista afectivo-sexual.

Os textos estarán escritos en galego e os relatos non poderán superar as 150 palabras e deberán incluír as tres palabras que se sinalen en cada convocatoria. As tres palabras elixidas para esta convocatoria son: sexo, identidade e diverso.

A convocatoria contará con dúas fases:

1ª Fase: Concurso de microrrelatos

O prazo de recepción de microrrelatos comezará o 23 de outubro e rematará ás 23:59 horas do 30 de novembro

Cada persoa pode participar cun máximo de 3 microrrelatos por convocatoria.

A presentación pode facerse en formato papel en Vicedirección ou enviarse a través do seguinte correo electrónico ies.politecnico.vigo@edu.xunta.es, acompañado do nome e apelidos e teléfono de contacto.

A comisión publicará os microrrelatos seleccionados o día 15 de decembro.

2ª Fase: Concurso de ilustracións dos microrrelatos seleccionados

Unha vez elixidos os microrrelatos darase publicidade dos mesmos para favorecer entre toda a comunidade educativa a ilustración dos mesmos.

O prazo de recepción das ilustracións dos microrrelatos seleccionados comezará o 15 de xaneiro e rematará o 27 de febreiro de 2018.

Cada persoa pode participar cun máximo de 3 ilustracións por convocatoria que se deberán entregar en Vicedirección, preferiblemente en formato A3 e recomendando que o debuxo sexa maior que A4. Deberá facerse mención ao microrrelato que ilustran e irá acompañado do nome, apelidos e teléfono de contacto.

A comisión publicará as ilustracións seleccionadas o día 6 de marzo.

A comisión elixirá en cada convocatoria os dez mellores microrrelatos así como as 10 ilustracións que os acompañarán e terán como premio a súa publicación nunha compilación en soporte físico de libro ao final de curso.

Dos microrrelatos e ilustracións seleccionados, outorgarase un primeiro premio que consistirá nun libro electrónico.

Os textos e ilustracións serán orixinais, inéditos en todos os medios (en papel, blogs, publicacións electrónicas, en rede...) e que non fosen premiados en calquera outro certame. Os que non cumpran esta condición desde a convocatoria até o fallo do premio serán descualificados.

A autora/autor garante que tanto o relato como a ilustración presentada é da súa exclusiva autoría.

Os textos e ilustracións que incumpran calquera das bases serán descualificados.

A resolución da comisión será inapelable.

As/os participantes garantirán que son as/os lexítimos autoras/es dos microrrelatos presentados e o sometemento dos mesmos ao Concurso non vulnera os dereitos de terceiros. Así mesmo, as/os participantes fanse responsables das reclamacións que en calquera momento puidesen formularse sobre a autoría e orixinalidade dos traballos e sobre a titularidade dos dereitos, todo iso conforme á normativa vixente de propiedade Intelectual. O centro non se fai responsable dos prexuízos que puidese ocasionar o incumprimento da anterior garantía, podendo exercitar contra a/o participante incumpridor/ora as accións legais oportunas con vistas a reparar os danos e prexuízos ocasionados.

O IES Politécnico estará autorizado para, no ámbito mundial e polo máximo período que permite a lei, facer uso dos dereitos de comunicación pública, distribución, reprodución e transformación, sempre mencionando a autoría e sen contraprestación económica algunha, sobre os microrrelatos e ilustracións participantes, con independencia de seren ou non seleccionados, para a promoción de posteriores edicións do Concurso segundo se indica a continuación:

O IES Politécnico está autorizado para a difusión na súa web e tamén en blogs integrados, á reprodución e distribución dos microrrelatos e ilustracións mediante catálogos tanto en formato físico como dixital e tamén á edición e publicación dunha compilación de microrrelatos coas ilustracións presentados en formato dixital, para a súa posta a disposición a través da web.

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

O IES Politécnico resérvase o dereito de cambiar, ampliar ou reducir as datas do calendario do concurso por razóns de forza maior.